


4 Encoro de Zamáns


Foi construído a partir de 1952 e inaugurado en 1960, sendo o primeiro sistema de abastecemento de auga da cidade de Vigo ata que en 1977 se construíu o encoro de Eiras. Cobre unha extensión de 20 hectáreas e conta cunha presa de 29 m de altura e unha capacidade de 2,2 Hm³. Nútrese das augas do río Zamáns ou Amial e, en maior medida, das precipitacións. Na actualidade abastece a unha poboación de 40.000 habitantes, o que supón o 14% da auga consumida en Vigo. Nos últimos anos tamén abastece ao Val Miñor.



Os habitantes de Zamáns lembran como este encoro cubriu terras moi aptas tanto para a agricultura como para a gandería. De feito eran "as costas boas", onde se colleitaba un fermoso millo e pacían entre 100 e 150 vacas. A día de hoxe, Zamáns é a única parroquia considerada rural en Vigo. Ata a década dos anos 70 eran famosas as leiteiras de Zamáns, que surtían a zona urbana de leite fresco. En homenaxe a estas abnegadas mulleres que todos os días percorrían o concello a pé, erguíuse unha escultura no centro da praza da parroquia.

5 Muíños do río Zamáns

Unha das paraxes particulares no percorrido do sendeiro local é o que atravesa a área etnoarqueolóxica de Zamáns. Trátase dun espazo adquirido e rehabilitado entre 2007 e 2012 pola Comunidade de Montes de Zamáns para o goce da parroquia e da cidadanía en xeral, cunha boa sinalización. No conxunto pódense atopar cinco muíños hidráulicos con dúas pontellas e un lavadoiro.



Outros catro muíños quedaron mergullados polo encoro, ao igual que unha parte do camiño real que unía Vigo con Tui. Neste espazo queda de manifesto a importancia agrícola xa citada, que facía que as muiñadas foran un espazo vital para cos habitantes tanto pola fariña que producían como polo lecer asociado. Lembran os maiores da parroquia como a principios da década dos 40, nos anos da fame, era preciso durmir nos muíños para evitar que desaparecese a produción.

Sendeiro Panorámico de Vigo (GR-53)



- ESPACIOS NATURAIS DE LECER DE VIGO
1. P.F. Solitas
 2. P.F. San Miguel de Oia
 3. P.F. Corvea
 4. P.F. San Andrés de Comesaña
 5. P.F. O Marzama (Matamá)
 6. Monte das Pomas (Valadarex)
 7. Monte Alto - Cepedo
 8. P.F. Chan Desural (Zamáns)
 9. P.F. Zamáns
 10. P.F. Beade
 11. A.R. Do Ponso (Sembriwe)
 12. P.F. Sendeiro
 13. P.F. Cotogrande (Cabral)
 14. A.R. Baladas (Cabral)
 15. P.F. Bandeira (Cabral)
 16. P.F. Volador (Camelas)
 17. P.F. Madrou (Feix)

Ficha técnica:

Tipo de percorrido: circular
Parroquias polas que transita: Zamáns
Distancia: 7,2km | **Altura:** 305m –462m
Pendente media: 7,0%, -8,0%
Pendente máxima: 32,0%, -30,0%
Dificultade: media | **Accesibilidade:** só a pé
Época recomendada: primavera, verán, outono
Conexións: GR-53, GR-53.2, PR-G1
Liñas de autobús: 7 (Pza. España, Garrida-Zamáns)
Contidos: ambientais, etnográficos, paisaxísticos

M.I.D.E.

(esixencias técnicas e físicas do percorrido. www.euromide.info)

Medio natural: máis de un factor de risco	1	2	3	4	5
Itinerario: existe traza clara de camiños e sinalización	1	2	3	4	5
Desprazamento: camiños con distintos firmes	1	2	3	4	5
Esfuerzo necesario: entre 1 e 3 horas de marcha	1	2	3	4	5

COORDENADAS

- **Praza da Leiteira:** N42° 09.293' W8° 41.318'
- **1 Parque Forestal de Zamáns:** N42° 09.204' W8° 40.882'

Recomendacións

Respectar o medio e o patrimonio:

- Garda o lixo ata chegar a unha papeleira
- Evita arrincar plantas e molestar a fauna
- Respecta os muíños, petróglifos e demais elementos do patrimonio arqueolóxico

Gozar do sendeirismo:

- Aproveita a andaina para conectar os teus sentidos co contorno, particularmente nos lugares sinalados.
- Emprega calzado que agarre ben e que protexa os nocellos.
- Fai uso do bastón para mellorar a túa estabilidade.
- Circula con coidado nos lugares abruptos ou esvaradizos, así como nos tramos con pedras soltas.
- Comeza con ritmo suave ata quecer; logo ritmo regular segundo o/a camiñante.
- Hidrátate ao longo do percorrido, non chegues a sentir sequidade na boca.



CONCELLO DE VIGO



Sendeiros locais de Vigo



ZAMÁNS


1 Parque forestal de Zamáns




Superficie de 30.000 m² enclavada no monte veciñal en man común de Zamáns e destinada a espazo de lecer da cidadanía. Cedido por 30 anos ao Concello de Vigo. O monte veciñal de Zamáns (238 hectáreas) é o de maior superficie en relación coa poboación da parroquia, supón a masa forestal máis do 70%.

Sitúase no sur do concello de Vigo, limitando con Gondomar, O Porriño e Mos. Achegándose ao cumio do monte Galiñeiro acadá preto dos 700 m de altitude e no entorno do encoro de Zamáns baixa ata os 300 m. A comunidade de montes leva traballando nos últimos anos nun Plan de ampliación de superficie forestal (en 2014-15, por exemplo,

plantáronse 20.000 piñeiros e 720 castiñeiros micorizados) e de mellora de especies, substituindo as invasoras (acacia e eucalipto) por autóctonas (carballo, castiñeiro, bidueiro, etc). Tamén teñen o propósito de recuperar as 50 hectáreas expropiadas na creación do campus universitario a base da paulatina adquisición de montes particulares.



2 Fervenza da Freixa




No ascenso polos montes de Zamáns pódese atopar algúns dos exemplos das plantacións de piñeiros e castiñeiros. Destaca no medio dunha destas plantacións a existencia dunha fervenza natural no río

da Freixa, que recolle as augas procedentes do cumio para levalas ao río Zamáns e que, nos meses de augas, proporciona unha estampa engaiolante.


Neste traxecto pódese comprobar a conformación granítica dos montes, con formas moi curiosas. Precisamente o granito, e tamén o gneis, fixo destes montes un espazo destacado na explotación de canteiras, tanto para pedra de edificación como para grava e lastros.

Un exemplo destacado foi a canteira de cuarcita de Vilaverde, cunha fondura de 38 metros na súa parte máis alta. Actualmente abandonada, a Comunidade de Montes de Zamáns pretende facer unha intervención que permita deixar o monte como estaba antes da explotación.



Antiga canteira de Vilaverde

3 Monte Galiñeiro



Para os habitantes de Zamáns, o Galiñeiro é un referente na medida en que permanentemente preside a parroquia, acobilla os seus montes e sorte as súas levadas de auga. Son chamativas as "ghallas" que coronan o cumio e que poñen en

evidencia a relevancia xeolóxica do monte Galiñeiro. A súa orixe data de finais da era Terciaria como resultado dos afundimentos e levantamentos provocados pola Oroxénese Alpina.



Trátase dun macizo tectónico no que a pendente máis abrupta é a da cara oeste, mirando cara o Val Miñor. Ao leste, no val do río Louro, atópase a fosa tectónica de 140 km que atravesa Galicia dende Carballo ata Tui. Polo norte mira cara o val do Fragoso, que é a perspectiva que todos os vigueses e viguesas pronto recoñecen.



O monte Galiñeiro é un espazo natural moi axeitado para o sendeirismo, a escalada e outros deportes de natureza. Tamén ten unha importante relevancia patrimonial polos restos arqueolóxicos

atopados, polos petroglifos e as mámoas existentes, e por contar cunha curiosa fortificación de altura, primeiro castrexa e logo romana.

Nos últimos anos toda esta riqueza natural e patrimonial viuse ameazada por dous proxectos de gran impacto ambiental: un parque eólico e outro de extracción de "terras raras". Diante destes proxectos toda a sociedade civil e institucións de Vigo uníronse para oporse frontalmente. Na actualidade estes proxectos están parados.

CONCELLO DE VIGO



Monte Galiñeiro

Sendeiros locais de Vigo Zamáns



Alto de San Cosme

Zamáns

Identificación sendeiro

Contidos recomendados

Continuidade do sendeiro

Coincidencia co GR-53

Coincidencia co PR-G1

Camiño equivocado

Cambio de dirección



GR-53

GR-53.2

PR-G1

Sendeiro local

